



O día 1 de novembro ás 12.00 horas inaugúrase a exposición dos premios do concurso de fotografía da XIII edición da Romaría Etnográfica Raigame no Concello de Celanova.

A exposición destas fotografías permanecerá aberta en horario de oficina durante todo o mes de novembro nos baixos da Casa do Concello de Celanova

Para ver as fotografías premiadas e mailas series preme [na seguinte ligazón](#) .

O Concello de Celanova e o [Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo](#) da [Deputación Provincial de Ourense](#) queren dar a coñecer os gañadores do Concurso de fotografía que anualmente convoca con motivo da celebración da [Romaría Etnográfica Raigame](#)

Vistos os traballos presentados ao concurso fotográfico da XIII Romaría Etnográfica Raigame do 17 de maio de 2014, o xurado formado por Xulio Fernández Senra, Fco. Xavier Álvarez Campos, Xosé Lois Vázquez "Che" e Antonio Piñeiro, que actuou de secretario, reunido o 5 de setembro de 2014 en Celanova decidiu conceder os seguintes premios:

- Premio á mellor serie fotográfica (500€) ao traballo titulado O home das fotos de Manuel Blanco Guerra, do Carballiño-Ourense
- 1º Premio á mellor fotografía (300€) ao traballo titulado Paraugas de José Ángel Paz Gil, de Cangas do Morrazo-Pontevedra
- 2º Premio á mellor fotografía (250€) ao traballo titulado Zocos de Ana Iglesias, de Ourense
- 3º Premio á mellor fotografía (200€) ao traballo titulado Lembranzas de Isabel Janeiro Touriño, do Carballiño-Ourense



Ademais disto, o xurado acordou conceder mencións especiais e accesits, pola creatividade, orixinalidade e singularidade amosadas nas súas propostas (consistentes na selección para a exposición Estampas dunha romaría dentro da programación do Outono Fotográfico) aos traballos de:

- Luis Alberto Prieto Arias de Ourense, pola súa serie Grazas cesteiro
- Manuel Pazos Vázquez de Marín-Pontevedra, pola súa serie Cantar Cantarei
- José Ángel Paz Gil de Cangas do Morrazo-Pontevedra, pola súa serie Xeracións, a alma dun pobo
- Ana Iglesias de Ourense, pola fotografía Fiandeiras
- Breogán Rodríguez Ramos de Xinzo-Ourense, pola fotografía Maneira de vivir
- Luis Alberto Prieto Arias de Ourense, pola fotografía Sen título
- Isabel Janeiro Touriño do Carballiño-Ourense, pola fotografía Zoca
- Noelia Pilar Álvarez Padrón do Carballiño-Ourense, pola fotografía Fotografía nas mans da experiencia
- José Manuel Nóvoa Blanco de Ourense, pola fotografía Enmarcado no traballo
- Manuel Blanco Guerra do Carballiño-Ourense, pola fotografía O home orquestra
- M^a Ascensión Rodríguez Nóvoa do Carballiño-Ourense, pola fotografía A tía e a súa irmá

□ A exposición estará aberta ao público do 1 ao 30 de Novembro no concello de Celanova e do 1 ao 31 de Decembro no CCP Xaquín Lorenzo de Ourense.

